



Asociación Cultural
Vagalumes

17 de maio
Día das
Letras



Envía un vídeo coa túa lectura
da súa vida, obra e pensamento
a.c.vagalumes@tabeirosmontes.com

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Asociación Cultural
Vagalumes



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**

A Asociación Cultural “Vagalumes” convoca a celebrar o día das letras galegas mesmo nas condicións que estamos a sufrir. A emergencia sanitaria impide o desenvolvemento da nosa cultura en liberdade ao mesmo tempo que as políticas do actual goberno galego de exclusión da nosa lingua e de desprezo pola nosa cultura está tamén a limitar o floreceemento de todas as expresións do noso idioma.

Por iso, é máis necesario que nunca seguir a conmemorar as nosas manifestacións literarias. Non podemos deixar pasar a dedicación a Carvalho Calero das letras galegas deste ano sen o seu debido recoñecemento. Sobre todo despois de décadas de inxusto relegamento.

Para iso desde a Asociación Cultural “Vagalumes” facemos un chamamento a que cadaquén amose a súa lectura de Carvalho Calero. Ben da súa obra, ben da súa opinión sobre a súa vida e o seu labor investigador, etc...

Para iso convidámoste a que compartas un vídeo con nós até o 17 de maio para difundir nas redes enviando ao noso enderezo: a.c.vagalumes@tabeirosmontes.com

Achegamos textos de Ricardo Carvalho Calero por se alguéun quixera escoller algúun destes treitos para o cal pediríamos que previamente nos fose comunicado para así mellor evitar reiteracións.

Textos de Ricardo Carvalho Calero

Ollas, meu ben, as cañas dos Aneares.
 Ainda o outono é rapaz e ja branquea
 Maio nevou: carazo en vez de rosas
 a primavera.

Ainda non ben con doce beizo o Miño
 agarimou as flores da ribeira
 -seródios froitos dun tardeiro vrao-,
 gios ja as queiman.

Bate o nordés Fingoi. Acobillada
 a lapa do fogar tabula a nena.
 Non coides, porque a mágoa ante se fose,
 que hoje non veña.

Cinco duros pagábamos de aluguer.
 Era um terceiro andar, bem folgado.
 Pola parte de atrás dava para o Campinho,
 e por diante para a rua de Sam Francisco.

No segundo vivia a minha tia aboa:
 Tiña unha peza cheia de paxaros disecados
 que só abria os dias de festa
 para que os nenos disfrutásemos nela.

Ainda vivia minha mãe
 e todos os meus irmaos viviam,
 e em frente trabalhava o senhor Pedro o tanoeiro,
 e a grande tenda de efeitos navais mantinha o seu trafego.

Na casa tinhamos pombas
 e, por suposto, un grande gato mouro;
 e o mue pai era novo ainda
 e no mar do mundo cada dia descobria eu unha ilha.

Via o mar da minha fiestra,
e chegavam cornetas da marinha.
E baixava os degraus duas vezes ao dia para ir à escola,
e duas vezes rubia-os de volta.

As mulheres entom usavam capa e corsé,
e íamos à aldeia em coche de cavalos,
e a rua estava ateigada de pregons de sardinhas
e de ingleses que vendiam Bíblias.

Eu tinha un pacto con Deus:
que ninguén dos meus morreria.
E o pacto era observado,
e eu confiaba na perenidade do pacto.

Todo isto fica tam longe
que aduro podo ainda lembrá-lo.
Esqueceria-o dentro de pouco tempo
se non escrebesse estes versos.

Cruzando a ria pola ponte das Pias,
se os obreiros de Astano nom cortarom o tráfico,
entrarei em Ferrol, a minha terra.
Se o cortarom, daquela,
hei tomar o caminho antergo, e passar por Narom, pé do mosteiro
de Sam Martinho, polos eidos de Esquio.
De um jeito ou outro,
hei de entrar no meu povo,
para ver se tropeço
numha rua qualquer do Ferrol Velho
-será a de Sam Francisco, a do Socorro?

com o neno que fum e que foi outro; aquel que fum e que nom fum
entom,
quando eu nom era o velho que boje som.

Non, non te amei.
Agora sinto perto o adeus.
Quizá para outros es formoso, mundo;
non para min, sempre teimoso
do meu mundo interior, para el só aberto.
Ao viageiro enloitado élle un deserto
a entraña do vergel más garimoso;
ollos cegos do pranto silenciosos,
ouvido pecho ao cósmico concerto.
Asi te crucei, mundo.
Foi negado o teu sol a pel miña,
o teu recendo a miña arela de sentir magoado.
No meu lume de dentro só me acendo.
¡Irei comigo a donde for levado,
terra, voz cuja fala non entendo!

Non amo moito a poesia. Amo-a
como o retrato dunha muller querida,
cando non teño a muller pe de min.
Se tivese a muller,
esquecería o retrato.
Poesia, retrato ¿de qué? ¿Felicidade,
Deus, vida, ben, sosego?
Mais o pobre que soña coa riqueza
¿cómo non amará un pouco
os cantos de tesouros?

A maior parte desta poesia é hipocrisia.
Nom quer nada dizer e nada di
Se algo quiger dizer, algo diría.

Quer somente fingir que nom fingia
oferecendo enganos para ti,
que finges crer que é verdade
a mensagem que te envia,
e finges que tés saudade
da saudade que exprimia
alguém que nom a sentia,
mas que se enganava assi,
cúmplice da tua porfia
de enganar a ti e a si.

A ti fingindo entender.

A si fingindo saber
o que queria dizer,
ainda que nom o sabia;
pretendendo ter as cbaves
para abrir
o que nunca se febou,
porque nunca tivo portas,
e aquelas palavras martas
ajuntavam-se ao acbou,
nom por santa inspiraçom,
nem por subconsciente graça:
por rotineira trapaça
e vazia pretensom.

Assi, é feita desta arte,
com notória bipocrisia,
a maior parte
desta poesia.

No leito, adoecido, coa miña dór somentes
e a voz do xilgariño
cautivo na gaiola, a chorar as punxentes
saudades do seu niño.

Cautivo coma il, na gaiola da frebe,
o meu corpo mortal

-alén da fiestra o día é zafiro, ouro e neve-
coma il canto o meu mal.

Volta cantar o xílgaro cautivo, que calara.
Amargúrame o peito.

Volta cantar o xílgaro. Oh, si a túa voz
cantara á beira do meu leito!

Alén da fiestra o sol, o sol de ouro loce
e ri a súa roiba cara.

Quen acougar poidera baixo a careza dóce
da túa mao clara!

Alén da fiestra o día é zafiro, ouro e neve
-polícromo tesouro-.

Tamén é a túa lembranza,
alén da miña frebe,
zafiro, neve e ouro.

Aquel que no horizonte
duas vezes enxergou o cometa, viveu muito.

Nom antecipes o teu próprio luto,
nem ao cabo te laies se esmoreces.

Eleva ao céu as mais rendidas preces,
pois o rio cruzaste a pé enxuito
e estás na outra ribeira, enfim no intuito
do sentido da viagem que já esqueces.

Em breve findarán os passos teus.

O corarom descansará de Deus na mao,
nom sei se a esquerda ou a direita.

Deus é ambidextro. Tu sossegarás.

Saberás todo ou nada saberás.

Em todo o caso, a solurçom perfeita.

Calquer lugar é bom para morrer.
 Nom se distingue o home da mulher.
 A morte é neutra —das Tod— em alemám.
 Género e sexo nom sempre vam da mam.
 Pois umha cousa é a anatomia
 e outra a gramática —falaz dicotomia.
 Nom vejo a morte feminista ser.
 Calquer lugar é bom para morrer.

Donas do tempo passado ou do actual,
 a morte a todas trata-vos igual
 que aos cavaleiros. Violenta, a história o di.
 Muitas mulheres morrerom assi.
 Em Rouen foi Joana d'Arco queimada;
 Antoinette em Paris guilhotinada;
 Em Chappaquiddick, Jo foi perecer.
 Calquer lugar é bom para morrer.

Eis umha flor para o lume e o mar,
 a praça, o paço ou calquer lugar
 onde a mulher tenha o seu passamento.
 Erga-se a rosa sobre o moimento.
 Nesta matéria nom é discriminada.
 Inês ferida, Mariana agarrotada,
 Mary Jo sulagada, Jeanne a arder.
 Calquer lugar é bom para morrer.

UN CABELO DE ANJO
 pendurado do ceo,
 se non é a espada de Democles
 é adival para o espírito,
 ximio equilibrista,

que, nel agareado,
 pode arrandear sobre a terra
 e crer que é a araña dun fío
 tirado do seu propio miolo,
 cordón umbilical que o vencella
 o seu niño que está no azul.
 Mais non sabemos
 qué é o norte, qué é o sul,
 o cenit e o nadir,
 a vida e a morte,
 a terra e o ceo,
 cál é o metro que leva ao paraíso
 e qué aeronave nos conduz ao inferno.

PRAIA DE CORUJO

Na area para min alguén cravou
 o parasol, e á sua sombra puxo
 a hamaca para min. O mundo Egipto.
 Flabelo e trono: eu faraón.
 No meu reino de auséncia, ausente impero.
 Esquecido de min e o mundo, ambos
 somos un, como o corpo e a alma. Todo
 non cobizado é fácil para min.

Secretos pensamentos me arrodeian
 como escravas despidas, que non ousan
 un tilintar de ajorcas, e se esfuman,
 virges ideias, no meu puro harem.

Sobre ninguén impero e reino en todo.
 E o mundo é aquala e eu aquel, e somos
 el, ela e eu os únicos,
 e os tres un. E a unidade é, un intre, tres.

Da miña orquestra real, azuis doncelas,
 esparegendo as suas testas brancas,
 tangen os cons, arrolan o meu sono,
 e os seus cabelos estran aos meus pes.
 O sol olla-me, o sol paterno, voo
 de áureo falcón imóvel sobre a vida.
 O seu ouro é o meu sange, e, lento, flui
 no meu corpo solar.

Téito azul, chan enxebre, alta pirámide.
 Faixa
 Adobiado estou. Pechade a porta.
 Poñede o selo. El, ela e eu. Só un.

O meu cabelo é absolutamente negro
 A minha pele é absolutamente branca
 Linhas de ónix.
 Lâminas de marfim.
 Os meus dias som absolutamente negros.
 As minhas noites som absolutamente brancas.
 De dia, enquanto vivo, estás longe de mim.
 De noite, enquanto sonho, comigo estás.

E calquei a soleira bretemosa.
 E guirlandas de rostos ensoñados
 de destinos co meu antes cruzados,
 cercaron-me en benvida silenciosa.
 Coa lenidade do abalar da rosa,
 de doce néboa os ollos ateigados,

emínea sombra, os pes de paz calzados,
cbegou-se a min sorrindo garimosa.
Semellaba-me. ¡Deus! Vin-me a min nela.
Pero era nova más ca min. Por ve-la acaroei-me.
-¿O teu nome? E alguén: -Di-llo.
-Na terra foron os meus anos menos -falou-,
mais vin primeira os teus acenos.
Dixen eu entón: - nai. Dixo ela: -fillo

“eu perdin durante a guerra a totalidade do meu arquivo, que se conservava en Ferrol. [. . . } Todo iso desapareceu sen que teña ideia mui clara de como desapareceu. É posíbel que a miña propia familia queimase toda a documentazón que podia comprometer-me a min mesmo ao regreso. O certo é que non teño nada diso. A miña muller levantou a casa en que eu vivia en Ferrol, reunio os livros en caixóns e dixou-nos nun faiado, onde entrou alguén que fixo un espólio nos meus livros [. . . } cando recuperei a liberdade, depois da miña permanéncia na cadeia, regresei a Ferro! e ao fazer-me cargo destes caixóns de livros notei a falta de muitísimos deles e de muita documentazón “

“O grande trauma da guerra esnaquizó moitos arquivos. O da miña memoria foi alarmantemente saqueado. Entre 1936 e 1941 aconteceron-me tantas aventuras -como a tantos desventurados- que moitas figuras familiares e moitos sucesos importantes da miña vida familiar ficaron eliminados da miña memoria “

“A miña lembranza dos tempos da infáncia situa-me no Ferrol Vello; eu nascin no Ferrol Vello. O Ferrol Vello é o Ferrol mais antigo, un bairro de pescadores, primitivamente, que non era outra cousa que unha vita mariñeira semellante as da ría enfrente do Ferrol de hoxe, por exemplo Mugardos. O Ferrol Vello, si, que rematava no Cristo, nunha esquina próxima a onde se atopa hoxe o Pazo da Capitanía Xeneral, e que lle chamávamos asi, o Cristo, porque nesa esquina havia unha imaxe de

Cristo crucificado aloxada na parede. O Ferrol Vello, que ali remata, era antigamente unha vita de mariñeiros con comércio de efeitos navais, muitas veces escrito en inglés, amais de castellano, nos correspondentes establecimentos, e un pazo da familia Bermúdez cunha capela”

“A minha afeizom ao teatro, afeizom que só esporadicamente pudem cultivar ao longo da minha vida, data dos meus anos infantis. Os meus pais, no pequeno Ferrol dos tempos da guerra europeia e a pósguerra immediata, acudiam sistematicamente ao teatro Jofre cando o seu cenário nos brindava algum espectáculo. Alternando com séries cinematográficas que conseguiam grandes éxitos, como *La máscara de los dientes blancos*, em que a rapaza que boje designaríamos como actante objecto era personage interpretada por umha actriz que conhecíamos polo pseudónimo de Pearl White, ofereciam-se ao público actuaçons de companhias de teatro, muitas vezes lírico, do que estava em voga em Espanha: comédias de Benavente ou Linares Rivas ou Muñoz Seca ou Arniches; peças em verso de Marquina, Villaespesa ou Fernández Ar达vin; zarzuelas clássicas de Fernández Caballero, Bretón, Chueca ou Chapí, ou mais modernas de Luna, Serrano, Vives, Guerrero ou Alonso. Levavam-me quase sempre os meus pais com eles ao teatro, e primeiro sentado num joelho do meu progenitor, e logo ocupando umha butaca que me vinha mui ancha, eu escutava os cínicos alegados de Crispim, interpretado por Ricardo Puga, ou os maternais conselhos de senhá Rita, cantados por Sélica Pérez Carpio”

“Mui precozmente, eu comecei a fazer obras de teatro, das que teño vagas lembranzas, pero mesmo recordo alguns títulos. Eu sei, por exemplo, que escrevin unha peza, desde logo lírica, en que havia concertantes. Era o libreto dunha zarzuela que se chamava *El puente de los enamorados*, e estava inspirado nun texto, nun relato que creio que lin nunha obra que me regalaran con motivo do meu santo, ou com motivo da festividade de Reis, os meus pais ou algun parente (...) escrevin tamén unha comédia en verso, en verso sen dúvida disparatado desde o punto de vista técnico -porque eu non estudara a preceptiva literaria por aqueta época, de maneira que deveu ser antes dos once anos, que se chamava *La cruz*

más santa. Esta inspirava-se nun relato de don António de Trueba (.. .). Escrevin nese momento outras muitas pezas que algun dia rompin e que, polo tanto, non conservo”

“A verdade que eu fixem em catro os cinco anos da carreira, para ficar ceive ao mesmo tempo de compromissos académicos e militares. Quer dizer, para obter no mesmo ano a licenciatura em Direito e o fim do servizo militar. { . . } Eu pertenzo a primeira promozom de juristas da República. Terminei os meus estudos em Junbo de 1931. Como a República adviu em Abril desse ano, os primeiros licenciados da República fornas os que acabamos a carreira na data indicada”

“Um dia do curso 1926-1927, o Seminário de Estudos Galegas celebrou umha festa: a Festa da Prosa Galega. O autor deste trabalho encontrava-se entre o público que enchia o salom de actos do antigo Colégio de Sam Clemente. Como é sabido, o Seminário ocupava entom naquel edificio um local, cedido pola Sociedade Económica de Amigos do País. O autor deste trabalho lembra que lerom prosas galegas naquela ocasiom, dom Afonso Rodríguez Castelao, dom Ramom Otero Pedraio, dom António Losada Diéguez, dom José Filgueira Valverde...”

“Os meus compañeiros habituáis eran os galeguistas que traballaban no Seminario. Nos últimos tempos da miña estancia en Santiago, ao ser da tarde, depóis de traballar en Fonseca, onde estaba instalado por entón o Seminario, saía daquel edificio con Sebastián González e Antonio Fraguas e dábamnos unhas voltas pola Rúa do Vilar ou pola Alameda, segundo a estación, sendo frecuente que outras persoas se agregasen ao naso grupo, ou que algún de nós se segregase del para acompañar a outras persoas”

“Naqueles tempos, o estudiante medio, ao rematar os seus estudos, non permanecía en Santiago, como moitos fan agora, pensionado polo seu señor pai para preparar a súa graduación ou unhas oposicións, libres ou restrinxidas. Os señores pais opinaban por vía de regra que os señores fillos podían considerarse satisfeitos por ter sido sostidos na súa pen-

sión polo diñeiro paterno durante os anos de cursantes, mesmo no caso dos que, coma mim, axudábamos, con algunha pasantía posta, o propio sostimento. E como a autoridade paterna era daquela real, e baixo o nivel xeral de vida, nengún estudiante ousaba esixir -palabra entón malsoante ou impía- unha prorroga de pensión, que, na maior parte dos casos, o pai non estaba tampouco en condicións de conceder. Así eu regreséi á miña casa á beira do mar non ben rematéi a carreira de Direito”

“A miña relación coa política galega foi sempre unba relación tanxencial que, como a de tantos outros galegos, cunha formación universitaria ou intelectual, se consideraba orientada a resolver os problemas esenciais que afectaban á nasa cultura. Entón, eu teño praticado, indudabelmente, unha política lingüística e cultural, e de política xeral só me teño ocupado incidentalmente e en canto esa política xeral é un marco para situar dentro dela, por suposto, a política cultural”

“Eu nom fum observador directo do desenvolvimento do plebiscito de 1936. Poucos días antes do assinalado para a votaçom tivem que sair para Madrid a fim de participar numhas praças que, a superá-las, me converteriam em professor oficial. (...) Achava-me em Madrid, portanto, cando se plebiscitou o Estatuto, e cando os comisionados galegos o entregaram ou apresentaram as Cortes e ao Presidente da República. (...) O Partido Caleguista, que dinamizara todo o proceso, empregou os afiliados disponíveis na propaganda. Eu participei nela até o dia em que abandonei Galiza para trasladar-me a Madrid. De jeito que nom intervinhem na votaçom do plebiscito”

“Como é sabido, Castelao achava-se em Madrid quando estalou a guerra civil. Eu tamén. Via a Castelao freqüentemente. Se nom me confundo com algunha outra coincidencia anterior na capital da República, ambos concorriamos a um Lucky Club, instalado num andar da ringleira de casas a esquerda indo para a rua de Alcalá, no tramo mais céntrico da Gran Vía. Nom sei se nos víamos tamén nalguns cafés que eu visitava, o Aquarium, a Granja El Henar, o Negresco, todos no tramo mais céntrico de Alcalá. (...) Lembro que fum a pensom em que Castelao vivia, mas

nom tenho a menor ideia da ubicarom da casa. Em troca, lembro mui bem a Castelao em pijama, sentado num sofá, e quizá entom conhecim a Virgínia. Mas como Castelao tinha cinqüenta anos e eu vinte e cinco, aginha cada um se viu no lugar que lhe correspondía naqueles momentos, e ficamos afastados”

“Regresei a Ferrol e dediquei-me ao ensino privado. Ainda que dunha forma practicamente, ou mais ben teoricamente, clandestina; porque non podía estar colexiado a consecuencia da condena que se me impuxera. Pero havia directores ou proprietários de centros que me davan traballo. Busquei traballo en coléxios particulares, en coléxios privados, e tamén en clases particulares, en calidade de pasante”.

“Aspirava-se a centrar o ensino no meio galego, a arraigar fortemente a educación no ambiente do país. Rejeitava-se toda pedantaria livresca que confundisse a formarom dos rapazes com a erudirom infantil, despersonalizada e apátrida. Nom se tratava de educar os alumnos como se fossem habitantes de calquer país, como se existisse umba educación uniforme para calquer país. Sem pretender introduzir novas teorías, sen nom aspirando somente a praticar teorías razoáveis, procurávamos, sem míngua de lhes fornecer os conbecimentos hoje necessários para calquer home civilizado, proporcionar aos alumnos umba imagem imediata do mundo em que viviam, que lhes permitisse desenvolverem-se com eficaz soltura no seu próprio meio”

“Non volví a ver a Cabanillas ata 1950. Nesta data visitéi o mosteiro de Samos, e alí atopéi ao poeta da abadía, na hospedaría monacal, disfrutando dunha fremosa celda, cunha amplia mesa na que se abrían fremosos libros italiáns da biblioteca do mosteiro. (...) De Samas, onde pasou varios vrans, Cabanillas viaxaba a Lugo, que era agora o lugar da miña residencia. No café Méndez Núñez había unha tertulia á que concurrían escritores, profesores e artistas moi coñecidos na cidade”

“Foi aquí, na súa propia terra, onde viran os meus ollos por derradeira vez, e por derradeira vez apertaron os meus brazos, o corpo cangado pala vellice no que alentaba aquel profundo e armonioso espírito, hoxe

incorporado ao ceo da nasa groria. Unha tarde de vran, a do 1 de xullo de 1958, á hora da sesta, pasaba eu por Cambados, e petéi na porta da casa do poeta. Aínda que estaba descansando, quixome recibir. Fumamos, e falamos dos libros, dos amigos, das arelas comúns. Regalóume Cabanillas un vello volume en pergameo, invitoume a volver con máis calma para pasar con él todo un día, e dímonos a derradeira aperta. Vivo, non tiña de velo máis”

“Cando depois de trinta anos de ausencia do ensino oficial, fum chamado a encarregar-me dos cursos de Língua e Literatura galega na Universidade de Santiago, tivem de deixar, paulatinamente, primeiro, o traballo docente, e, afinal, o meu posto de Conselheiro Delegado do Patronato ou Director Geral do Colégio Fingoi”

“Em Santiago de Compostela, desde a Carreira do Conde a Praça de Mararelos, o trajecto é curto. Nas circunstâncias em que boje se desenrola o tránsito, fai-se em tempo mais breve aquel caminho de a pé que sobre rodas. De por parte, a persoa que vos fala, que tem o seu domicilio naquela Carreira e o seu posto de traballo naquela Praça, carece de rodas sobre as que rodar. Todos os días, entre oito e nove da manhã, pola Senra, a Ponte de Santo António e o Tránsito dos Gramáticos, acede ao Mercado Velho para entrar, sob o imponente escudo de armas que brasona a fachada, in eremo, quer dizer, na sua Faculdade de Filología, o edificio que para Colégio de Exercitantes erigiou o Arcebispo Yermo, segundo projecto de Lucas Ferro. In eremo, reza a lenda do brasom, lembrando, em admoniçom equívoca, o nome do fundador e a austerdade como de eremitorio que deve reger a vida do que se exercita na disciplina eclesiástica, e, segundo a opiniom de muitos, na própria disciplina universitária”

“Dentro de reduzidos círculos escolares, sendo professor em diversos centros, privados ou públicos, de distintas cidades galegas, tenho montado alguns espectáculos dramáticos, em galega, castelhano, frances e latim, segundo as circunstancias o aconselhavam [...] nunca na minha vida interpretei um papel nas tábuas, ainda que para adoutrinar os meus pequenos actores dos centros docentes em que trabalbei, tivem que assumir provisionalmente nos ensaios, como director, a personalidade do

senhor Fuco ... e até a da mesmíssima Pimpinela”

“Eu nos primeiros tempos era posibelmente, posibelmente o son tamén, un home tímido, escrebia os meus discursos porque temia fallar na improvisación. Pero a miña experiencia vaime indicando que o discurso escrito e recitado, como non se teña unha habilidade de histrión, non se transmite ao público co natural énfase, coa matización en cada momento, que convence ao público, así que pronto a experiencia me aconsellou abandonar o costume de redactar totalmente por escrito os meus discursos, que pronunciaba dunha maneira que a min mesmo me parecía fria e artificiosa. { . . . } Para min a forma satisfactoria é facer un guión no que se ordenan os argumentos e os datos que hai que comunicar ao público e construir os párrafos en que se insertan esos datos ou esos argumentos no momento, sin ter aprendido nada de memoria. Agora non pronuncio discúrsos políticos ou polo menos non son orador de mitins. Cando dou algunha conferencia emprego ese sistema de levar un guión, salvo que me interese por algunha razón non esquencer algo que na calor da improvisación pode ser adulterado ou tema dicer algo que non quero dicer, entón escrebo o texto”

‘Se nas orixes foron unha a literatura galega e a literatura portuguesa, os acontecimentos, no decorrer da historia, afastaron de tal xeito a vida de Galicia e a vida de Portugal, que, cando a meiados do século XIX se produz na nosa terra unha restauración literaria, despóis dun longo periodo de atonía, as relacións antre os escritores galaicos e os escritores lusitanos preséntanse notoriamente raras e débiles. Este feito aberrante, xa que o estormento lingüístico utilizado por ambas comunidades é sustancialmente o mesmo, non perde a súa vixencia, malia as excepcións que se poden rexistar, ao longo todo do desenvolvemento do noso Renacemento. Son, polo tanto, de especial interés e siñificación os casos en que se creba esa regua xeral, e merecen, en canto reacción natural contra concrecións históricas, un estudio atento’

“O galego ou é galego-portugues ou é galego-castelám. Ou somos umba forma do sistema ocidental ou somos umba forma do sistema central.

Nom bai outra alternativa. Um galego em oposición a vez ao portugues e ao castelám é impossível. Um anám nom pode luitar com dous gigantes que cruzam os seus fogos”

“Umha concórdia ortográfica, que integraria, sem prejuízo das peculiaridades do galego, o veículo geral de comunicarom, sera indispensábel. Deste jeito, seriamos o que somos, voltariamos a ser quem fomos: o romance mais ocidental, nom esnaquizado em dous anacos isolados, senom reintegrado numba unidade sistemática que nom excluí a autonomia normativa”

“Nós, que desempeñamos certo papel nos intentos de normalizar a nosa lingua, nunca pensamos que calquer normativa que se adopte, deba cubrir as edicións dos nosos escritores clásicos. Éstes non deben vestirse á derradeira moda, como se naceran despóis da promulgación das novas leis.[...] Estamos fartos e escandalizados de ver como se oferecem aos alumnos de galego versons dos nossos escritores clássicos alterados para penteálos segundo modelos de cabeleireiros oficiais dos que aqueles autores nom tivérom nolícia”

